

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

ÍNDICE

| | |
|-------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Introdución | 2 |
| Primeira avaliación. Primeira lección | 4 |
| Segunda lección | 8 |
| Terceira lección | 12 |
| Segunda avaliación. Cuarta lección | 15 |
| Quinta lección | 18 |
| Sexta lección | 20 |
| Terceira avaliación. Sétima lección | 22 |
| Oitava lección | 24 |
| Novena lección | 26 |
| Procedemento de avaliación continua da materia de cultura clásica | 30 |
| Procedemento de avaliación extraordinaria..... | 30 |
| Medidas de atención á diversidade | 30 |
| Avaliación inicial | 31 |
| Temas transversais | 31 |
| Criterios de avaliación e mínimos exigibles | 32 |
| Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente | 33 |
| Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica | 35 |
| Contribución da materia ao proxecto lingüístico do centro | 35 |
| Actividades complementarias e extraescolares | 35 |
| Materiais e recursos didácticos..... | 35 |

INTRODUCCIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, socio político e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en

que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico.

O currículo básico da materia articúlase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas.

En relación con este aspecto préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade.

Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición

literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento.

Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián.

Carga horaria:

Hai que ter en conta que esta materia que o número de horas semanais varía segundo o curso dous en 3º, tres en 4º. Engadido o feito de ser optativa en dous cursos, e non ser obrigatorio escollela en terceiro para volvela a dar en cuarto, fai realmente difícil propoñer unha temporalización. O máis cómodo para o profesor e ós alumnos é facer unha división trimestral, preferindo dar unha visión completa dos contidos intraciclos, aínda que fose moi simple, antes que obviar un deles.

CONTIDOS 1ª AVALIACIÓN

PRIMEIRA LECCIÓN

As linguas do mundo:

- .- A clasificación das linguas.
- .- A familia indoeuropea.
- .- As linguas romances de España.

O alfabeto:

- .- Os soportes da escritura.
- .- Os sistemas da escritura.
- .- Os principais alfabetos.

OBXECTIVOS

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.

Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.

Coñecer o orixe común de diferentes linguas.

Describir a evolución das linguas romances a partir doo latín como un proceso histórico.

Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.

Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatino na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

CONTIDOS

Historia da escritura. Signos e materiais.

Orixe do alfabeto. Alfabeto grego e romano.

As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.

As linguas romances.

Composición e derivación culta de orixe grega e latina.

Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.

Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.

Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.

2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.

3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.

4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.

5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.

6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.
7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos
9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico - técnica de orixe grecolatina.
10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

- 1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen
- 2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.
- 3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.
- 4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.
- 4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.
- 5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
- 6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.
- 6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
- 7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismo e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.

- 7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.
- 8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.
- 8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución
9. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico - técnica e sabe usalos con propiedade.
10. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.

COMPETENCIAS CLAVE

- | | | | | |
|-----|-----|------|-------|-------|
| 1.1 | CD | CCEC | CCL | |
| 2.1 | CAA | CEEC | CCL | |
| 3.1 | CD | CEEC | CCL | CMCCT |
| 4.1 | CD | CSC | CMCCT | |
| 4.2 | CCL | CEEC | | |
| 5.1 | CD | CSC | CCL | CCA |
| 6.1 | CCL | CCA | | |
| 6.2 | CCA | CCL | | |
| 7.1 | CCA | CCL | | |
| 7.2 | CD | CCL | | |
| 8.1 | CCL | CCA | | |
| 8.2 | CCA | CCL | | |
| 9. | CCL | CCA | | |
| 10. | CCL | CCA | | |

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Farase en clase unha introdución, despois lerase textos e explicárase os contidos, facendo os exercicios do libro de texto referentes á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contidos tratados.

Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura e distinguilas entre elas.

Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.

Coñecer o orixe común de diferentes linguas.

Comprender o orixe común das linguas romances.

Identificar as linguas que se falan en España, diferenciándoas polo seu orixe en romances e non romances, e delimitando nun mapa as zonas nas que se empregan.

Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatino na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latina e gregas orixinarias.

SEGUNDA LECCIÓN

O marco histórico e xeográfico:

.- A xeografía de Grecia.

.- A xeografía de Roma e Italia.

.- A historia de Grecia.

.- A historia de Roma.

OBXECTIVOS

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Coñecer as características xerais da xeografía grega, de Roma e Italia, ubicar correctamente as súas principais áreas xeográficas, rexións, illas, montañas e ríos.

Situar temporalmente as diferentes épocas que conforman a historia de Grecia e Roma, coñecer os seus principais logros e aportacións, os destacados fitos en cada unha delas, así como os personaxes e feitos que as caracterizan.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizan achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

CONTIDOS

- 1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.
- 2.1. Marco histórico da civilización grega : das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.
- 2.2. Marco histórico da civilización romana : Monarquía, República e Imperio.
3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.

1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
2. Coñecer as principais características de cada período da historiade Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.
3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.
 - 3.1 Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

ESTANDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

- 1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
- 2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións
 - 2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas
 - 2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.
 - 2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras
 - 2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.
 - 2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.

2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.

2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.

3/3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.

COMPETENCIAS CLAVE

| | | | | |
|-------|-------|-----|-------|-------|
| 1.1 | CMCCT | CD | CAA | |
| 2.1 | CSC | CD | CAA | |
| 1.1 | CAA | CD | CSC | CMCCT |
| 2.1 | CSC | CD | CSIEE | CMCCT |
| 2.2 | CSC | CAA | CMCCT | |
| 2.3 | CSC | CD | CMCCT | |
| 2.4 | CSC | CD | CMCCT | |
| 2.3.1 | CCEC | CAA | CSC | CCL |
| 2.3.2 | CCEC | CAA | CSC | CCL |
| 3 | CCL | CSC | | |

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contendes tratados.

Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania.

Preténdese comprobar a capacidade para localizar en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos máis relevantes na Galicia e na España actual.

TERCEIRA LECCIÓN

Grecia:

- .- As clases sociais en Atenas.
 - .- Os sistemas de goberno.
 - .- A monarquía en Esparta.
 - .- As institucións políticas atenienses.
 - .- As institucións para a guerra.
-
- .- Relixión e sociedade.
 - .- Os deuses gregos.

OBXECTIVOS

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Valorar a mitoloxía clásica, especialmente a grega, como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura ao longo da historia europea. Identificar en

formas de relixiosidade actuais elementos que estean presentes nos mitos ou ritos propios da relixión grega - romana.

Coñecer coa súa denominación grega os principais deuses e heroes de la mitoloxía grega, seus rasgos, atributos e ámbitos de influencia.

Coñecer os mitos e heroes gregos de maior relevancia.

Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

CONTIDOS

1. O panteón grego.
2. Mitos grecolatinos. Os heroes
3. Relixión grega.
 1. Organización política en Grecia.
 2. Sociedade en Grecia : clases sociais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
 1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
 2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

- 1.1. Poder nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.

- 2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes , e explica os principais aspectos que os diferencian.
- 2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
- 2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura,analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
- 2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas,sempre que sexan claras e sinxelas,describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
- 3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- 2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana,explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.
- .2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen a sociedade grega.
- 1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.

COMPETENCIAS CLAVE

- 1.1 CD CCEC CCL
- 2.1 CCEC CD CCL
- 2.2 CAA CSC CCEC CD
- 2.3 CCEC CMCCT CD CSC
- 2.4 CCEC CD
- 3.1 CSC CMCCT CCEC
- 2.1 CSIEE CSC CCL
- 2.2 CSC CCL

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contidos tratados.

Coñecer os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e actuais.

Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

Coñecer as características e evolución das clases sociais en Grecia e a súa pervivencia na sociedade actual.

CONTIDOS 2ª AVALIACIÓN

CUARTA LECCIÓN

Roma:

- .- As clases sociais.
- .- O goberno.
- .- As institucións para a paz: O Cursus Honorum
- .- As institucións para a guerra.
- .- Relixión e sociedade: O Panteón romano.

OBXECTIVOS

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer cos principais deuses e heroes de la mitoloxía romana, seus rasgos, atributos e ámbitos de influencia.

Coñecer os mitos e heroes romanos de maior relevancia.

Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

CONTIDOS

1. O panteón romano.
2. Mitos grecolatinos. Os heroes.
4. Relixión romana: culto público e privado.
 1. Organización política en Roma.
 2. Sociedade en Roma : clases sociais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.
 1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1.1. Poder nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.

2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.

4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios

1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.

2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.

2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen a sociedade grega.

COMPETENCIAS CLAVE

1.1 CD CCEC CCL

2.1 CCEC CD CCL

2.2 CAA CSC CCEC CD

2.3 CCEC CMCCT CD CSC

2.4 CCEC CD

3.1 CSC CMCCT CCEC

2.1 CSIEE CSC CCL

2.2 CSC CCL

4.1 CSC CMCCT CCEC

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contidos tratados.

Coñecer os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e actuais.

Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.

Coñecer as características e evolución das clases sociais en Roma e a súa pervivencia na sociedade actual.

QUINTA LECCIÓN

A cidade no mundo antigo

- .- A cidade grega, Atenas.
- .- A Acrópolis de Atenas.
- .- A cidade romana, Roma.
- .- O Foro romano.
- .- A casa grega e romana.

OBXECTIVOS

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Recoñecer e identificar aspectos diversos da cultura grecolatina relativos á lingua, á literatura, á filosofía, á ciencia, á técnica, ao dereito, a Administración do estado, ao urbanismo, á arquitectura, ás artes plásticas, valorando a súa unidade, e a diversidade.

CONTIDOS

Polis e civitas: O home da areté e o home da virtus. As sociedades grega e romana e as súas manifestacións artísticas e culturais: literatura, filosofía, arquitectura, política, relixión, arte; o espazo público; o exército; a política; a xustiza, a economía.

Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.
2. Identifica e describe os tipos de vivenda

COMPETENCIAS CLAVE

CSC CMCCT CD CCEC

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contendes tratados.

Coñecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes do patrimonio español. Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

Describir as características da casa grega e romana xa sexa no rural xa na cidade.

SEXTA LECCIÓN

As etapas da vida.

- .- O nacemento en Grecia e Roma.
- .- A educación en Grecia e Roma.
- .- As mulleres gregas e romanas.
- .- Os anciáns e a morte

OBXECTIVOS

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Valorar a conciencia de pertenza a un contorno social e cultural, identificando elementos de continuidade da cultura clásica na propia, respectando a diversidade de identidades culturais.

Identificar as raíces clásicas de valores actuais nos ámbitos da educación, o pensamento, o dereito, a política, valorando os elementos que hai que preservar e os elementos a revisar.

CONTIDOS

A familia en Grecia e Roma

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.

COMPETENCIAS CLAVE

CSC CCL

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contidos tratados.

Cofecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma e a súa pervivencia na sociedade actual.

Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.

Cofecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros. .

Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.

CONTIDOS 3ª AVALIACIÓN

LECCIÓN SETE

A vida cotiá .

- .- A organización do tempo.
- .- A xornada dos gregos e romanos.
- .- As costumes culinarias.
- .- A indumentaria e a estética.

OBXECTIVOS

Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

CONTIDOS

Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.

COMPETENCIAS CLAVE

1. CD CAA CSC CMCCT CCL

2. CAA CMCCT CSC CCL

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contendes tratados.

Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.

Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.

Describe a organización das sociedades grega e romana explicando o seu modo de vida e comparándoo co actual.

Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.

LECCIÓN OITO

Deporte e ocio.

- .- As competicións deportivas en Grecia.
- .- Os Xogos Olímpicos.
- .- As probas olímpicas.
- .- Os ludi circenses.
- .- As loitas no Anfiteatro.

OBXECTIVOS

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

CONTIDOS

Espectáculos públicos en Grecia e Roma.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.

Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

2. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.

COMPETENCIAS CLAVE

1. CSIEE CAA CSC CCL

2. CD CAA CSC CCL

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contendes tratados.

Describe as principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenrolo da identidade social.

Explica a orixe e natureza dos Xogos olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia co respecto a outras festividades deste tipo existentes na época.

LECCIÓN NOVE

A creación artística.

.- A Arquitectura.

.- A escultura.

.- A pintura e o mosaico.

.- Monumentos da Hispania romana.

OBXECTIVOS

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e a sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, participar na súa conservación e mellora, respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

Coñecer as características fundamentais do arte grego e romano e relacionar manifestacións artísticas actuais co seus modelos clásicos.

Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.

Describir algúns aspectos básicos da cultura e civilización grecolatina que perviven ata a actualidade.

Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica no entorno, utilizando as tecnoloxías da información e comunicación.

Identificar os aspectos máis importantes da historia artística de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

CONTIDOS

- 1.- Fundamentos da arte clásica.
- 2.- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.
- 3.- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.
- 4.- Herdanza clásica no patrimonio artístico.
- 5.- Civilización greca latina nas artes e na organización social e política actual.
- 6.- Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.
3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificara súa temática.
4. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.
5. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
6. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR

1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais
1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.
2. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
3. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais
4. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.
5. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos

6. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.

COMPETENCIAS CLAVE

- 1.- CD CCEC CMCCT CD CCEC
- 2.- CCEC CMCCT CD
- 3.- CCEC CMCCT CD
- 4.- CAA CD CCEC CMCCT
- 5.- CCL CAA
- 6.- CAA CCEC

METODOLOXÍA, CRITERIOS DA AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

De este tema farase unha introdución, despois leremos textos e explicaremos os contidos e faremos os exercicios do libro de texto referidos á materia estudada. Os alumnos terán que realizar polo menos dous traballos, un en grupo e outro individual relacionados cos contendes tratados.

Cofecer as características fundamentais do arte clásico e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.

Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana identificando razoadamente mediante elementos visibles o orde arquitectónico ao que pertencen os monumentos máis significativos.

Recoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres encadrándoas nun período histórico e identificando nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.

Describe as características e explica a función das principais obras arquitectónicas do arte grego (templos e teatros), ilustrando con exemplos a súa influencia en modelos posteriores.

Cofecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes do patrimonio español.

Localiza nun mapa e describe os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español, identificando a partires de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN CONTÍNUA DA MATERIA DE CULTURA CLÁSICA

A nota de cada avaliación consistirá na suma das seguintes notas:

Proba escrita de cada tema máis unha de recapitulación por avaliación (70%), as notas de traballos individuais e por grupos (20%) e as notas de clase (10%), nestas últimas incluírase o comportamento e a asistencia.

As características da materia no que se desenvolve esixen un sistema de avaliación continua, tendo en conta os seguintes criterios:

- .- As tres avaliacións superadas: materia aprobada con nota media aproximada.
- .- A primeira avaliación suspensa e as restantes aprobadas: materia aprobada con nota media aproximada.
- .- Unha avaliación suspensa: recuperación dos contidos non superados.
- .- Tres, dúas ou a terceira avaliación suspensas: deberá recuperarse toda a materia.

PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos que teñan para setembro a materia de Cultura Clásica pendente deberán entregar unha serie de exercicios feitos, así como traballos monográficos, ademais deberán realizar unha proba escrita en setembro que abarcará un repaso xeral aos contidos da materia vistos en clase. A proba escrita valerá 7 puntos, os exercicios 2 puntos e o traballo monográfico 1 punto.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As adaptacións curriculares, como estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno/a; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

AVALIACIÓN INICIAL

Antes de empezar cada unidade didáctica é conveniente valora-lo grao de coñecementos previos dos alumnos. Servirá para establece-los contidos conceptuais que poden asimilar e para planificar en consecuencia os contidos procedementais e actitudinais. As unidades didácticas desenvolvidas ó longo do curso deben seguir unha secuencia lóxica, presentar coherencia na súa progresión e estar interrelacionadas. Por este é moi importante delimita-los coñecementos e as capacidades dos alumnos cara á aprendizaxe, para poder decidir en qué punto deben comeza-los novos contidos. A avaliación inicial serve tamén para identifica-las diferenzas que existan dentro do grupo, e poder así prestarlles atención ós alumnos con necesidades específicas.

TEMAS TRANSVERSAIS

Na programación de Cultura Clásica atopámo-la presenza continua de tódolos temas transversais. Algúns deles aparecen emparellados ou agrupados ó longo dos bloques de contidos, como sucede coa educación para a saúde, a educación para o consumo, a educación para a paz e a educación para a igualdade de oportunidades. Outros aparecen de xeito individual, pero sempre diseminados durante todo o ciclo.

No concepto de transversalidade hai que distinguir dous aspectos: contido e metodoloxía. No relativo ós contidos, a transversalidade alude ós seguintes temas:

- .- Educación para a paz.
- .- Educación para a igualdade.
- .- Educación para o lecer.
- .- Educación para a saúde.
- .- Educación para o consumo.
- .- Educación ambiental.
- .- Educación vial.

No que respecta á metodoloxía, exporemos de seguido algunhas actividades que se poden levar a cabo:

- .- Role-Playing.
- .- Dilemas morais.
- .- Clarificación de valores.

.- Asembleas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES EN XERAL

Como indicadores do grao de consecución dos obxectivos e reguladores do proceso de ensino, é de suma importancia a máxima claridade nos criterios así como a selección de aqueles considerados mínimos para a superación de la materia.

Para a superación desta materia de Cultura Clásica os alumnos terán que demostrar un grao de coñecemento medio – alto dos contidos expresados por polo menos 7 dos 10 seguintes criterios de avaliación:

1.- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para extraer información relevante sobre aspectos históricos/culturais, previamente traballados, en textos variados.

2.- Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos máis relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de identificar en textos e situar no espazo e no tempo feitos relevantes da historia das culturas clásicas, previamente traballados.

3.- Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.

Preténdese comprobar se o alumnado é quen de comprender a organización socio política de Grecia e de Roma, así como establecer comparacións coa existente na actualidade.

4. Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania.

Preténdese comprobar a capacidade para localizar en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos máis relevantes na Galicia e na España actual.

5. Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.

Preténdese comprobar se as alumnas e os alumnos, despois de traballar na clase os mitos máis salientables, son quen de identificalos en manifestacións literarias e doutro tipo, adecuadas á súa idade.

6. Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.

Búscase comprobar se o alumnado, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas, é quen de recoñecer elementos comúns a todas elas no vocabulario.

7. Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario.

Preténdese comprobar se o alumnado coñece os elementos básicos dos xéneros literarios clásicos, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas.

8. Identificar aspectos significativos da achega da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica.

Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de relacionar as achegas do mundo clásico nos eidos do pensamento, ciencia e técnica, ao mundo actuais.

9. Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado, coa axuda do profesorado, é quen de analizar a permanencia do legado clásico na actualidade, así como a evolución co paso do tempo.

10. Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Preténdese comprobar a capacidade do alumnado para elaborar un pequeno traballo sobre algún dos aspectos do legado do mundo clásico e a capacidade de exposición posterior na aula. Valorarase o grao de planificación e a selección da información, que se debe facer acudindo a fontes variadas, así como a presentación clara e ordenada e a utilización dos medios informáticos.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

- 1.- Grado de cumprimento da programación.
- 2.- Resultados académicos das clases.

- 3.- Claridade expositiva na clases.
- 4.- Metodoloxía utilizada.
- 5.- Preparación dos materiais didácticos.
- 6.- Organización do traballo na aula.

Observacións sobre aspectos individuais

| | | SI | NON | ÁS VECES |
|-----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|----|-----|----------|
| Expresión oral | Correcta | | | |
| | Mellorable | | | |
| Expresión escrita | Presenta dificultades de vocabulario, Sintaxe. | | | |
| | Correcta | | | |
| | Mellorable | | | |
| Comprensión | Dificultades de: Ortografía Vocabulario Sintaxe | | | |
| | Comprende con facilidade o que le e escoita | | | |
| | Comprende con dificultade | | | |
| Utilización das fontes de información con sentido crítico | Procura información | | | |
| | Procura e selecciona información. | | | |
| | Non procura información | | | |
| Razoamento | Razoa con claridade | | | |
| | Ten dificultade | | | |
| Hábito de traballo | Traballa ben | | | |
| | Esfórzase a pesares de que ten dificultade | | | |
| | Carece de método e orde no seu traballo | | | |
| Intervención na clase | Falta de interese | | | |
| | Alta participación | | | |
| | Responde só se lle pregunta | | | |
| | Pasividade total | | | |

Observacións sobre traballos en grupo:

- 1.- Grao de integración do alumno/a no seu equipo.
- 2.- Reparto equitativo das tarefas entre tódolos membros do grupo.
- 3.- Cooperación entre tódolos compoñentes.
- 4.- Presentación de traballos: Epígrafes. Marxes. Índice. Paxinación de follas. Ilustracións. Bibliografía consultada.

INDICADORES DE LOGRO PARA A VALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Despois de cada avaliación e vistos os resultados obtidos polo alumnos decidírase se hai que cambiar a metodoloxía e reaxustar a temporización dos contidos. Pero nun principio ao ser unha materia sinxela e fácil de levar por parte do alumnado esperase que non haxa moita dificultade no seu aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ASIGNATURA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Proporase unha serie de lecturas individuais sobre mitoloxía e modo de vida da antigüidade clásica. Lecturas sinxelas e curtas que despois terán que recoller os alumnos nun pequeno resumo e entregalas ao profesor.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Depende da marcha co curso, pódese facer unha visita ao castro de San Cibrán de Las. Estudaranse outras propostas que poidan surxir ao longo do curso.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto a utilizar na clase: Editorial Anaya :Cultura Clásica.
Vídeos de arqueoloxía. (Propiedade do profesor da materia)
Coleccións de mapas do Mundo Antigo.
Enciclopedias da biblioteca do Cantro.
Ordenadores (TICS).

PROGRAMACIÓN DE GREGO 1º BACHARELATO

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| Obxectivos xerais da matéria | 2 |
| Contidos xerais da matéria | 3 |
| 1ª Avaliación, 1ª Unidade | 5 |
| 2ª Unidade | 12 |
| 3ª Unidade | 17 |
| 4ª Unidade | 23 |
| 2ª Avaliación, 5ª Unidade | 28 |
| 6ª Unidade | 33 |
| 7ª Unidade | 39 |
| 8ª Unidade | 43 |
| 3ª Avaliación, 9ª Unidade | 48 |
| 10ª Unidade | 53 |
| 11ª Unidade | 58 |
| 12ª Unidade | 62 |
| Temas transversais | 66 |
| Contidos mínimos esixibles en xeral | 67 |
| Metodoloxía didáctica en xeral | 67 |
| Proceso de avaliación | 68 |
| Actividades de recuperación para alumnos coa materia pendente | 69 |
| Materiais e recursos didácticos | 69 |
| Medidas de atención á diversidade | 69 |
| Actividades complementarias e extraescolares previstas | 70 |
| Procedemento para avaliar a propia programación | 70 |
| Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente | 70 |
| Contribución da materia ao proxecto lingüístico do centro..... | 72 |

OBXECTIVOS XERAIS

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTIDOS XERAIS

Os contidos da materia de Grego preséntanse na norma distribuídos en sete bloques que recollen os aspectos esenciais da lingua e a cultura grega:

- 1.- Lingua grega.
- 2.- Sistema de lingua grega: elementos básicos.
- 3.- Morfoloxía.
- 4.- Sintaxe.
- 5.- Grecia: historia, cultura arte e civilización.
- 6.- Textos.
- 7.- Léxico.

A concreción e secuenciación de contidos para a materia de Grego I debe realizarse dende o prantexamento de que se ofrezca ao alumno de I curso, a través da lingua e os textos, unha visión global da cultura e o léxico grego e da súa influencia e pervivencia no mundo occidental. Non hai que esgotar a morfoloxía e sintaxe gregas neste primeiro curso: a tarefa sería imposible e conduciríanos a un gramaticalismo que desviaríanos dos obxectivos marcados.

Abordarase de forma xeral os aspectos básicos de cada grupo de contidos: do grupo de lingua, a introdución xeral sobre as linguas indoeuropeas e a lingua grega, abordarase o estudo da fonética (alfabeto, fonemas, signos ortográficos, etc), traballaranse os modelos máis usuais da morfoloxía nominal e pronominal, as preposicións, as categorías verbais, os temas de presente, futuro, aoristo, participio, infinitivo, funcións dos casos, parataxes, oracións subordinadas completivas, de relativo e un somero acercamento ás circunstanciais. En canto aos contidos culturais,

darase unha visión global do mundo grego (o ser humano como centro de toda cultura grega, dende os seus aspectos externos (concepción do cosmos, xeografía, historia, urbanismo, organización social, política, xudicial, militar, familiar, etc).

O léxico será imprescindible para garantir o éxito na tradución de frases e textos propostos e del traballarase as raíces máis rentables dende o punto de vista etimolóxico. Os textos seleccionados serán para traducir e traducidos. En canto aos primeiros as frases e textos que se seleccionen para cada unidade terán que estar en directa relación cos contidos culturais. Inclúense exercicios de retroversión para afianzar o léxico e as estruturas morfosintácticas estudadas.

A efectos pedagóxicos é importante non ensinar cada un dos bloques de que consta a materia (lingua, textos, léxico, cultura) por separado. A programación concreta da materia integra estes catro bloques en cada unidade para abordalos simultaneamente pois a súa natural interrelación os fai inseparables.

Os contidos deste curso deben estar programados en función das horas asignadas e da organización temporal do curso. A materia dispón de catro horas semanais perante unhas trinta e dúas semanas máis o menos. A materia debe proporse en tres bloques de tal forma que permita ao profesor adaptarse e adaptalo.

A ter en conta tamén que a propia dinámica do curso en cada bloque non pode ser igual. Na primeira deben sentarse as bases lingüísticas e léxicas con gallo de asegurar a comprensión posterior de aspectos gramaticais máis abstractos, ó tempo realízase unha presentación espazo – temporal do mundo grego. Na segunda afrontaranse as cuestións lingüísticas esenciais para acometer con certas garantías a tradución de textos algo máis complexos, en canto aos contidos culturais céntrase en tódolos aspectos máis significativos da vida na polis: urbanismo, política, sociedade, sistema xudicial, militar, familia, etc. Na terceira estudárase o imperfecto, aoristo, futuro e iniciación á sintaxe das oracións subordinadas, mito cultural: Mito e relixión, Filosofía e ciencia, Creación artística e literaria.

Primeira Avaliación

Secuenciación por unidades.

Primeira unidade.

Obxectivos

Os nomeados ao principio da programación apartados seguintes: a , d, e, f, g, h, i, n.

Obxectivos didácticos

- Comprender a concepción grega do universo e a natureza, tanto mítica como científica, e apreciar a influencia que exerceron na nosa tradición cultural. Analizar e relacionar coas propias as ideas sobre o universo e a natureza que aparecen nos textos de autores gregos, tanto orixinais como traducidos, subliñando o que de actualidade haxa nelas.
- Coñecer os termos gregos que se traballan no apartado de léxico (en relación co universo e os contidos lingüísticos), así como a súa pertenza ás distintas clases de palabras. Enriquecer o vocabulario propio e recoñecer as raíces gregas no vocabulario da lingua materna relacionadas co léxico grego estudado. Definir e identificar termos da propia lingua derivados do léxico grego estudado.
- Transcribir nomes propios gregos con espírito áspero.
- Coñecer a formación do nominativo e xenitivo de masculinos e femininos da declinación na e temática.
- Coñecer as formas correspondentes dos adxectivos 2-1-2.
- Coñecer as formas correspondentes do artigo.
- Recoñecer a morfoloxía do presente de indicativo de εἶμι.
- Coñecer as funcións dos casos nominativo e xenitivo.
- Identificar o funcionamento e as formas da negación οὐκ.
- Recoñecer as principais elementos de coordinación: καί, μέν ... δε
- Identificar en textos traducidos de autores gregos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular se nos transmite.

- Coñecer o significado do léxico grego estudado ata o momento e que apareza nos textos gregos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumno.
- Identificar nos textos gregos propostos os elementos básicos de morfoloxía e sintaxes estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade en curso. Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumno.
- Traducir coa maior fidelidade posible os textos propostos para tal fin.

Contidos

- .- A orixe da lingua grega: O Indoeuropeo.
- .- O alfabeto grego: Historia da escritura. Do alfabeto fenicio ao alfabeto grego. A clasificación dos fonemas: Vocais. Consonantes.
- .- Signos ortográficos: Espíritos. Acentos. Signos de puntuación.
- .- Nocións de morfoloxía e sintaxe: As clases de palabras. Os casos. O verbo. Transcrición dos nomes propios.
- .- As funcións dos casos
- .- Características da 1ª declinación.
- .- Os substantivos femininos da 1ª declinación.
- .- O artigo feminino.
- .- Clases de adxectivos: o adxectivo feminino da 1ª declinación. Concordancia adxectivo – substantivo.
- .- Os adxectivos femininos 2 -1 -2.
- .- A formación do presente de indicativo. Concordancia verbo – suxeito.
- .- O presente do verbo εἶμι.
- .- Helenismos derivados.
- .- Transcrición: espírito áspero. Terminoloxía: panorama.
- .- A tradución de textos: Pautas para a tradución de textos. Texto analizado e traducido. tradución inversa.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.
- 1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.

- 1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo
- 1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
- 1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega.
- 1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.
- 1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual
- 1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.
- 2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto
- 2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade
- 2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lellos coa pronuncia correcta.
- 2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.
- 2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán
- 2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.
- 3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.
- 3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.
- 3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras
- 3.4. Comprender o concepto de declinación / flexión.
- 3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.
- 4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- 4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.
- 4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).
- 4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.
- 6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.

1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.

1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.

1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.

1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.

1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.

1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.

1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto

1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.

1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.

2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio

2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escriturade diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.

2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.

2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.

2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán.

2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.

3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas

3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou a o castelán.

4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos

4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.

4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.

6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.

Competencias clave

1.1.1 CD CSC

1.2.1 CAA CCEC

1.2.2 CD CCL

1.3.1 CCL

1.3.2 CCL

1.4.1 CD CCL

1.5.1 CCL

1.6.1 CCL

1.7.1 CCL

| | | |
|-------|-----|-----|
| 1.8.1 | CCL | CSC |
| 2.1.1 | CCL | |
| 2.2.1 | CCL | |
| 2.2.2 | CCL | |
| 2.3.1 | CCL | |
| 2.4.1 | CCL | |
| 2.5.1 | CCL | |
| 2.6.1 | CCL | |
| 3.1.1 | CCL | |
| 3.2.1 | CCL | |
| 3.3.1 | CCL | CAA |
| 3.4.1 | CCL | |
| 3.5.1 | CCL | |
| 3.5.2 | CCL | |
| 4.1.1 | CCL | |
| 4.2.1 | CCL | |
| 4.3.1 | CCL | |
| 4.4.1 | CCL | |
| 6.1.1 | CCL | |

Metodoloxía para acadar os estándares de aprendizaxe

- Lectura comprensiva do tema de cultura e lingua.
- Valoración da importancia da comunicación escrita para a transmisión da cultura, e especialmente da grega.
- Conciencia do proceso de evolución das linguas e da conexión do grego coas linguas modernas.
- Realización de exercicios conducentes á identificación dos grafemas, fonemas e demais signos da escritura alfabética grega.
- Sensibilidade para percibir a importancia e a utilidade da expresión correcta.
- Exercicios de transcripción de grafías en nomes propios.
- Lectura e escritura de palabras e oracións en grego.
- Interese pola peculiaridade de todas as linguas que conforman o mosaico europeo.
- Actividades de identificación das nocións fundamentais de morfoloxía e sintaxe grega.
- Valoración da unidade lingüística que conforma a maioría de Europa.

- Valoración do enriquecemento cultural que supón o estudo das linguas clásicas.
- Comprender a concepción grega do universo e a natureza, tanto mítica como científica.
- Definir e identificar termos da propia lingua derivados do léxico grego estudado.
- Transcribir nomes propios gregos con espírito áspero.
- Transcribe os nomes propios que aparecen nos textos gregos propostos, aplicando correctamente as normas estudadas.
- Coñecer a formación do nominativo e xenitivo de masculinos e femininos da declinación na e temática.
- Coñecer as formas correspondentes dos adxectivos 2-1-2.
- Coñecer as formas correspondentes do artigo.
- Recoñecer a morfoloxía do presente de indicativo de εἶμι .
- Coñecer as funcións dos casos nominativo e xenitivo.
- Identificar o funcionamento e as formas da negación οὐκ.
- Identificación das conxuncións estudadas.
- Recoñecer as principais elementos de coordinación
- Coñecer o significado do léxico grego estudado ata o momento e que apareza nos textos gregos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumno.
- Identificar nos textos gregos propostos os elementos básicos de morfoloxía e sintaxes estudados ata o momento. Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumno.
- Traducir coa maior fidelidade posible os textos propostos para tal fin.
- Estudio do léxico grego mediante a definición de helenismos e a súa identificación co étimo correspondente.
- Aprecio pola importancia do uso correcto do léxico da propia lingua.
- Interese por coñecer a orixe do vocabulario da lingua materna.
- Declinación de palabras gregas das declinacións estudadas.
- Enunciado de palabras gregas das declinacións estudadas.
- Recoñecemento das formas estudadas do artigo grego.

Segunda unidade

Obxectivos

Os nomeados no principio da programación apartados d, e, f, i.

Obxectivos didácticos

- Coñecer as características xerais que conforman a xeografía de Grecia e a súa transcendencia na historia e a vida dos gregos. Recoñecer e saber situar as principais rexións e cidades de Grecia e os principais accidentes xeográficos.
- Coñecer os termos gregos que se traballan no apartado de léxico, así como a súa pertenza ás distintas clases de palabras.
- Enriquecer o vocabulario propio e recoñecer as raíces gregas no vocabulario da lingua materna relacionadas co léxico grego estudado.
- Definir e identificar termos da propia lingua derivados do léxico grego estudado. Explicar a relación existente entre ambos os dous termos.
- Transcribir nomes propios gregos con q, f e c.
- Coñecer a formación do acusativo e o dativo de masculinos e femininos da declinación na e temática.
- Coñecer as formas correspondentes dos adxectivos 2-1-2.
- Coñecer as formas correspondentes do artigo.
- Recoñecer a morfoloxía do presente de indicativo activo dos verbos temáticos.
- Coñecer as funcións dos casos gregos.
- Identificar as preposicións de uso máis frecuente na expresión do movemento.
- Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumno.
- Identificar nos textos gregos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxes estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade en curso. Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumno.
- Traducir coa maior fidelidade posible os textos propostos para tal fin.

Contidos

A civilización grega:

As características xeográficas.

A Grecia peninsular e insular.

A segunda declinación:

Os substantivos masculinos e neutros.

O artigo grego.

Declinación completa dos adxectivos 2 1 2.

Verbo:

Verbos temáticos e aтемáticos.

Presente de indicativo activo.

O valor circunstancial do acusativo, xenitivo e dativo. O Complemento circunstancial de lugar.

Pautas para traducir un texto. As formas persoais do verbo. A concordancia do verbo.

1. Recoñecer as características xerais da xeografía de Grecia en relación cos diferentes aspectos da historia e a organización dos gregos.

2.4. Recoñecer o cadro clasificador dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.

3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.

3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.

3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.

3.4. Comprender o concepto de declinación / flexión.

3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.

3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analizarlas morfoloxicamente e traducilas.

6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.

6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.

7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.

7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia

7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais

7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego(derivación e composición) para entender mellor os procedementos deformación de palabras nas linguas actuais.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.

1.1 Localiza nun mapa as principais rexións de Grecia e os seus principais accidentes xeográficos.

2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.

3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.

3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente

3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.

3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.

3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.

6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.

7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.

7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.

7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.

7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.

7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.

Competencias clave

1.1 CMCT CSIEE CCEC

2.4.1 CCL

3.1.1 CCL

3.2.1 CCL

3.3.1 CCL CAA

3.4.1 CCL

3.5.1 CCL

3.6.1 CCL

3.6.2 CCL

3.6.3 CCL

6.2.1 CCL

6.2.2 CCL CCA

7.1.1 CCL

7.1.2 CCL

7.1.3 CCL

7.2.1 CCL

7.3.1 CCL

7.3.2 CCL

Metodoloxía para acadar os estándares de aprendizaxe.

Os recursos para o profesor para esta unidade constarán de:

- Bibliografía sobre o tema.
- Mapa conceptual.
- Selección de textos de autores gregos.

-Proponse consultar a páxina web da Oficina de Turismo Grego <http://www.grecotour.com/grecia-grecia/> para saber máis sobre Grecia, súa xeografía, as características das súas distintas rexións, cultura, clima, etc.

- Dicionario grego - castelán e castelán- grego xunto co vocabulario do libro.
- Dicionarios con información sobre os personaxes mitolóxicos e históricos mencionados na unidade.
- Helenismos.
- Lectura comprensiva do tema de xeografía de Grecia e recoñecemento das principais rexións e cidades de Grecia, así como dos principais accidentes xeográficos.
- Comentario na aula sobre as relacións existentes entre as principais características do ámbito físico de Grecia e os avatares dos gregos. Extrapolación deste feito á historia doutros pobos.
- Elaboración de esquemas conceptuais e cadros sinópticos cos principais aspectos da xeografía de Grecia.
- Exposición oral ou escrita de aspectos concretos relativos á xeografía de Grecia e a súa expansión polo Mediterráneo.
- Interese polo coñecemento do ámbito físico e político e a súa influencia na historia e organización dos pobos, especialmente do grego, pola transcendencia na historia e institucións da cultura occidental.
- Identificación, definición e clasificación do léxico da unidade.
- Estudio do léxico grego mediante a definición de helenismos e a súa identificación co étimo correspondente.
- Aplicación de exercicios de transcripción de nomes propios gregos con q, f, c.
- Valoración do coñecemento do léxico común proveniente do grego nas linguas modernas.
- Valoración da incidencia do léxico grego na linguaxe científico - técnica moderna.
- Identificación das terminacións das declinacións estudadas mediante a súa identificación no léxico estudado.
- Declinación de palabras gregas das declinacións estudadas.
- Enunciado de palabras gregas das declinacións estudadas.
- Recoñecemento das formas estudadas do artigo grego.
- Interese polo coñecemento da morfoloxía da primeira e segunda declinación.
- Valoración pola orixe da formación do léxico grego.
- Sensibilidade para percibir a importancia e a utilidade da expresión correcta.
- Preocupación polo uso correcto da propia lingua a partir dos coñecementos adquiridos da lingua grega

- Enunciado dos verbos.
- Identificación das formas do presente de indicativo activo de verbos temáticos.
- Aplicación na tradución de textos das formas verbais estudadas.
- Recoñecemento das funcións dos casos gregos (con e sen preposición) e das construcións sintácticas aparecidas no tema a través da tradución de sintagmas e textos gregos.
- Identificación das formas das preposicións estudadas.
- Recoñecemento do valor e significado das preposicións estudadas.
- Tradución das preposicións estudadas nas oracións.
- Lectura comprensiva dos textos da unidade.
- Coñecemento do significado do léxico estudado ata o momento e que apareza nos textos e oracións que se propoñen. Identificación de helenismos derivados do léxico dos textos na lingua do alumno.
- 4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade progresiva graduada identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.

5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.

7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.

Competencias clave.

1.1. CEC

3.6.1. CCL

3.6.3. CCL

3.6.4. CCL

3.6.6. CCL

3.7.1. CCL

4.1.1. CCL

4.5.1. CCL

4.11.1 CCL

5.4.1. CMCCT CSC CSIEE

6.2.1. CCL

6.6.1. CCL CCEC

7.1.3. CCL

7.3.1. CCL

Metodoloxía para acadar os estándares de aprendizaxe.

Buscar na web información sobre as principais características dos templos gregos e os seus estilos arquitectónicos.

Buscar en enciclopedias e internet imaxes do Partenón.

Repaso das declinacións e as conxugacións coas actividades da unidade.

Catalogar e aprender o vocabulario novo.

Realización de esquemas sintácticos e de contido coa estrutura do texto traducido na unidade.

Identificación en textos traducidos elementos relativos aos aspectos estudados na unidade.

Definir e identificar termos da propia lingua derivados do léxico grego estudado.

Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumno.

TEMAS TRANSVERSAIS.

Na programación de Grego I atopámo-la presenza continua de tódolos temas transversais. Algúns deles aparecen emparellados ou agrupados ó longo dos bloques de contidos, como sucede coa educación para a saúde, a educación para o consumo, a educación para a paz e a educación para a igualdade de oportunidades. Outros aparecen de xeito individual, pero sempre diseminados durante todo o curso.

No concepto de transversalidade hai que distinguir dous aspectos: contido e metodoloxía. No relativo ós contidos, a transversalidade alude ós seguintes temas:

- .- Educación para a paz.
- .- Educación para a igualdade.
- .- Educación para o lecer.
- .- Educación para a saúde.
- .- Educación para o consumo.
- .- Educación ambiental.
- .- Educación vial.

No que respecta á metodoloxía, exporemos de seguido algunhas actividades que se poden levar a cabo:

- .- Role-Playing.
- .- Dilemas morais.
- .- Clarificación de valores.

.- Asembleas.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES EN XERAL.

Aspectos xerais da civilización Grega abarcando os diversos campos da cultura, historia, política, sociedade, educación.

Os vestixios gregos na Península Ibérica.

Flexión regular dos substantivos, adxectivos e pronomes.

Verbo irregular EIMI.

Conxugación regular en activa e medio – pasiva.

Identificación dos verbos en MI

Funcións básicas dos casos.

Identificación das preposicións gregas de uso máis frecuente e a súa tradución.

Análise morfolóxico e sintáctico de oracións.

Tradución de frases e textos de pequena e mediana dificultade.

Vocabulario básico.

Logro de axilidade e soltura na lectura e reprodución por escrito de textos gregos.

Etimoloxía: Identificación de prefixos e sufixos.

A orixe dunha verba tanto na súa forma como no seu significado.

METOLOXÍA DIDÁCTICA EN XERAL.

A partires dos textos extraeremos o léxico básico referente ó mundo cultural grego.

Contidos que permiten un coñecemento elemental da lingua grega:

.- Técnicas de lectura. Clasificación dos sons, paradigmas nominais e verbais máis frecuentes, elementos que os integran e contradicións fonéticas máis usuais.

.- Cadro xeral das oracións simples e compostas.

.- Lectura rápida, fluída e correcta de textos gregos.

.- Recoñecemento de estruturas morfolóxicas e sintácticas.

.- Elaboración de oracións simples e compostas coa axuda do dicionario.

.- Estructuras máis fecuentes, elementos da frase, elementos constitutivos da palabra e nexos de unión.

.- A cultura clásica a través dos textos traducidos.

.- Tradución directa e inversa de textos e frases fáciles, usando os materiais adecuados e facendo uso do léxico que xa coñezan os alumnos.

.- Análise de textos e identificación das estruturas fundamentais.

- .- Vocabulario básico.
- .- Termos científicos, filosóficos e técnicos das linguas modernas derivadas do grego.
- .- Conexións etimolóxicas co léxico actual.
- .- Transcrición de palabras gregas á nosa lingua.
- .- Comparación de termos gregos cos seus correspondentes derivados latinos e cos derivados das linguas modernas, establecendo semellanzas e diferenzas.
- .- Curiosidade por descubrir os prefixos e sufixos máis frecuentes dos que se serven as linguas modernas no seu proceso de formación de palabras científicas, técnicas ou de cultura xeral.
- .- Historia, filosofía, literatura, organización social, mitoloxía, etc.
- .- Coñecemento de investigacións arqueolóxicas.
- .- Desenrolo dos mitos clásicos.
- .- Interese por coñecer os elementos da cultura grega que perviven na nosa cultura.

PROCESO DE AVALIACIÓN.

A estimación dos coñecementos que o alumno adquiriu da materia farase de forma continua ó longo do período de avaliación, nembargante, ó final de cada unha das avaliacións do ano farase unha proba xeral de todo o que é fundamental e que será obxecto de repaso nas seguintes avaliacións.

Estas probas realizaranse ó ritmo natural de aprendizaxe na clase.

A nota final será un 70% sobre os coñecementos adquiridos e demostrados nos exames, un 20% sobre a participación e o traballo desenvolvido polo alumno en clase e un 10% sobre a actitude e comportamento en clase.

En cada proba haberá un 20% de preguntas da materia vista para a proba anterior e un 80% de materia estudada para a proba correspondente.

Nas probas haberá teoría e práctica facendo nota media.

A superación dunha avaliación supón a recuperación da anterior, se estaba suspensa, xa que nos exames inclúense preguntas das avaliacións anteriores.

Ao final de curso farase unha proba de recuperación, dita proba e a do mes de setembro fundamentarase só nos contidos básicos e que constitúen os niveis de esixencia mínimos.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE.

Os alumnos coa materia pendente, e tendo sempre en conta os contidos mínimos esixibles, farían un exame eliminatorio da materia no mes de xaneiro, caso de non superalo terían outro exame no mes de maio.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O libro de texto a utilizar na clase: Editorial Anaya. Grego I.

Vídeos de arqueoloxía de Grecia.

Coleccións de mapas do Mundo Antigo.

Nota: Os vídeos, mapas pertencen ao profesor.

Uso das TICS para recadar información dos diferentes temas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Tendo en conta as dificultades desta lingua e a falla de base por parte dos alumnos de cuestións gramaticais e lingüísticas, a pobreza do seu léxico e o descoñecemento que ten das grandes civilizacións do pasado, haberá que adoptar unha serie de medidas tendentes a resolver as carencias sinaladas e a responder á diversidade de niveis que o alumno representa. Destácanse as seguintes:

.- O estudio da gramática e a lingua ten que constituír o núcleo fundamental. Estes contidos como son áridos compaxinaranse cos contidos culturais. Tan importante como coñecer a lingua grega é coñecer ao pobo que a falaba e escribía.

.- Utilización dunha linguaxe clara na exposición dos contidos gramaticais e lingüísticos, emprego de cadros – resumo coas ideas fundamentais, cadros gramaticais que o alumno poderá utilizar en calquera momento como elemento de consulta.

.- Unha representación progresiva dos contidos gramaticais, do máis fácil e simple ao máis complicado.

.- Ampla oferta de actividades prácticas, relacionadas con cuestións gramaticais e lingüísticas.

.- Os textos que representan un nivel de dificultade maior poden ser destinados especificamente aos alumnos que teñan alcanzado un nivel de coñecemento máis alto.

.- Moitas das actividades faranse por grupos. Estas adoptarán a forma de pequenos traballos de investigación ou debates na clase.

.- Programación de actividades que impliquen a reflexión e integración de aspectos aparentemente diverxentes, obrigando ao alumno a relacionar aspectos do Mundo grego antigo coa época actual.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS.

Sempre que haxa un grupo mínimo de alumnos farase unha visita cultural ao Castro de San Cibrán de Las. Outras actividades que poidan surxir ao longo do curso.

PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Mensualmente farase un repaso sobre o grao de cumprimento da programación, ritmo de aprendizaxe, resultados obtidos, etc. Trimestralmente analizaranse os resultados das avaliacións para verificar a metodoloxía empregada ase coma os materiais empregados en clase, desta maneira caso de que os resultados non sexan moi satisfactorios intentarase cambiar a metodoloxía ou incidir naqueles aspectos que sexan máis necesarios.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- 1.- Grado de cumprimento da programación.
- 2.- Resultados académicos das clases.
- 3.- Claridade expositiva na clases.
- 4.- Metodoloxía utilizada.
- 5.- Preparación dos materiais didácticos.
- 6.- Organización do traballo na aula.

Observacións sobre aspectos individuais

| | | SI | NON | ÁS VECES |
|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------|----|-----|----------|
| Expresión oral | Correcta | | | |
| | Mellorable | | | |
| | Presenta dificultades de vocabulario, Sintaxe. | | | |
| Expresión escrita | Correcta | | | |
| | Mellorable | | | |
| | Dificultades de: | | | |
| | Ortografía | | | |
| | Vocabulario | | | |
| | Sintaxe | | | |
| Comprensión | Comprende con facilidade o que le e escoita | | | |
| | Comprende con dificultade | | | |
| Utilización das fontes de información con sentido crítico | Procura información | | | |
| | Procura e selecciona información. | | | |
| | Non procura información | | | |
| Razoamento | Razoa con claridade | | | |
| | Ten dificultade | | | |
| Hábito de traballo | Traballa ben | | | |
| | Esfórzase a pesares de que ten dificultade | | | |
| | Carece de método e orde no seu traballo | | | |
| | Falta de interese | | | |
| Intervención na clase | Alta participación | | | |
| | Responde só se lle pregunta | | | |
| | Pasividade total | | | |

Observacións sobre traballos en grupo:

- 1.- Grao de integración do alumno/a no seu equipo.
- 2.- Reparto equitativo das tarefas entre tódolos membros do grupo.
- 3.- Cooperación entre tódolos compoñentes.
- 4.- Presentación de traballos: Epígrafes. Marxes. Índice. Paxinación de follas. Ilustracións. Bibliografía consultada.

CONTRIBUCIÓN DA ASIGNATURA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Proporase unha serie de lecturas individuais sobre mitoloxía, civilización grega, algunha obra curta de autores máis representativos da literatura grega na súa faceta trágica, dramática ou de comedia. Lecturas sinxelas e curtas que despois terán que recoller os alumnos nun pequeno resumo e entregalas ao profesor.

PROGRAMACIÓN GREGO 2º BACHARELATO

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------|
| Obxectivos xerais do curso..... | 2 |
| Contidos xerais do curso..... | 3 |
| Temas de morfoloxía e sintaxe..... | 3 |
| Temas de literatura..... | 5 |
| Temas de léxico..... | 5 |
| O uso do dicionario..... | 5 |
| Obxectivos do bloque de lingua grega..... | 6 |
| Obxectivos do bloque de morfoloxía..... | 6 |
| Obxectivos do bloque de sintaxe..... | 6 |
| Obxectivos do bloque de literatura..... | 6 |
| Obxectivos do bloque de textos..... | 6 |
| Obxectivos do bloque de léxico..... | 6 |
| Obxectivos xerais do curso..... | 7 |
| Contidos temporalizados por avaliacións..... | 7 |
| Contidos por bloques: Lingua grega..... | 7 |
| Contidos por bloques: Morfoloxía..... | 8 |
| Contidos por bloques: Sintaxe..... | 9 |
| Contidos por bloques: Literatura..... | 11 |
| Contidos por bloques: Textos..... | 12 |
| Contidos por bloques: Léxico..... | 13 |
| Contidos mínimos esixibles..... | 15 |
| Metodoloxía didáctica..... | 15 |
| Procedemento de avaliación..... | 16 |
| Materiais e recursos didácticos..... | 16 |
| Temas transversais..... | 17 |
| Medidas de atención á diversidade..... | 17 |
| Contribución ao Plan Lector do Centro..... | 17 |
| Actividades de recuperación para alumnos coa materia pendente..... | 17 |
| Procedementos para avaliar a propia programación..... | 18 |

PROGRAMACIÓN DE GREGO 2º BACHARELATO

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTIDOS XERAIS DO CURSO

Para este curso teremos como base o explicado para a etapa de 1º bacharelato, repasar e profundizar a lingua grega coa finalidade de que entendan e traduzan textos. O labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básica e non sustituíble por ningún outro estudio literario, lingüístico, histórico – cultural, etc..

O alumno debe estar convencido de que traducir non é acertar, o texto ten un sentido que depende necesariamente dunhas regras de concordancia e de dependencia dunhas funcións gramaticais. Neste senso a análise gramatical clásica (verbo, complementos, etc.) segue a ser necesario.

Os contidos que se tratarán ó longo do curso serán un repaso máis profundo aos vistos no primeiro curso de bacharelato pero aplicados a textos sinxelos de Xenofonte (Anábase, Helénicas) e Platón, desta maneira o alumnado terá uns textos sobre os que traballar dunha maneira mellor que se foran simples frases, nestes textos trataranse temas de:

- .- Lingua grega.
- .- Morfoloxía.
- .- Sintaxe.
- .- Literatura.
- .- Léxico.

Abordaranse ao longo do curso, e sempre tendo presentes textos sinxelos para traballar dos autores antes citados, os seguintes puntos dos cinco temas xerais antes mencionados:

TEMAS DE MORFOLOXIA E SINTAXE:

- .- Os casos gregos e a súa función sintáctica.
- .- Repaso ás declinacións: 1ª Declinación en alfa. 2ª Declinación temática. 3ª Declinación atemática.
- .- Adxectivos: Adxectivos 2-1-2 Adxectivos 2 – 2. Adxectivos 3 -1-3. Adxectivos 3-3
- .- O artigo e os seus valores, artigo co adxectivo, co participio, co infinitivo, co adverbio.
- .- Pronomes – adxectivos demostrativos, relativos, interrogativos, indefinidos persoais, reflexivos, posesivos, correlacións pronominais.
- .- A oración simple e composta.
- .- Oracións subordinadas adverbiais: Comparativas, modais, consecutivas, finais, causais, temporais, condicionais e concesivas.
- .- Oracións subordinadas adxectivas.
- .- Oracións subordinadas sustantivas.
- .- Adverbios de modo, lugar, tempo, cantidade.
- .- Preposicións de un caso, de dous e de tres.
- .- Repaso as formas persoais do verbo xa na voz activa xa na voz pasiva.
- .- Repaso aos verbos en oclusiva: labial, dental, gutural, nasal, líquida.
- .- E sempre que nalgún textos aparezan formas dos seguintes verbos atemáticos δίδωμι , τιθημι, ιστημι, δεικνυμι □□explicaranse ditas formas.

TEMAS DE LITERATURA:

- .- A transmisión literaria. A historia dos soportes da escritura : papiro, pergamiño.
- .- A transmisión dos textos antigos.
- .- Dialectos varios da lingua grega.
- .- Características da épica.
- .- Características da literatura helenística.
- .- A poesía lírica, coral e monódica.
- .- Os xéneros dramáticos: Drama. Traxedia. Comedia.
- .- A novela.
- .- A Oratoria.
- .- A Filosofía.
- .- Mención e breve estudio dos seguintes autores e unha pequena síntese das súas principais obras:
Homero, Esquilo, Sófocles, Eurípides, Aristófanes, Heródoto, Tucídides, Xenofonte, Demóstenes, Lisias, Sócrates, Platón.

TEMAS DE LÉXICO:

Observaranse nos textos que se vaian a traducir en clase os diversos helenismos e derivados actuais da prosa científica e técnica, unha visión xeral sobre os derivados gregos recollidos nas nosas linguas castelán e galega sobre termos en matemáticas, astronomía, física, inxeniería, ciencias naturais, medicina, etc.

O USO DO DICCIONARIO:

Explicarase nos primeiros días de clase o uso do dicionario, ferramenta imprescindible neste curso para traducir os textos (sinxelos) que se tratarán en clase.

OBXECTIVOS DO BLOQUE LINGUA GREGA

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , f , h.

OBXECTIVOS DO BLOQUE MORFOLOXÍA

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , f.

OBXECTIVOS DO BLOQUE SINTAXE

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , f.

OBXECTIVOS DO BLOQUE LITERATURA

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , h , i , n.

OBXECTIVOS DO BLOQUE TEXTOS

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , f , g , h , n.

OBXECTIVOS DO BLOQUE LÉXICO

Dentro dos obxectivos xerais enumerados ao principio da programación, neste bloque de lingua grega serán os correspondentes aos apartados : d , e , f , n.

.- Obxectivos xerais do curso.

Para este curso teremos como base o dito para a etapa de 1º bacharelato, repasar e profundizar a lingua grega coa finalidade de que entendan e traduzan textos. O labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básica e non substituíble por ningún outro estudio literario, lingüístico, histórico – cultural, etc..

O alumno debe estar convencido de que traducir non é acertar, o texto ten un sentido que depende necesariamente dunhas regras de concordancia e de dependencia dunhas funcións gramaticais. Neste senso a análise gramatical clásica (verbo, complementos, etc.) segue a ser necesario.

.- Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións.

Nas tres avaliacións vaise esixir traducións, análise de textos sinxelos de Xenofonte, Platón. Na parte teórica veranse aspectos da vida e obras dos distintos autores, ase como dos feitos máis destacados da historia antiga de Grecia.

Contidos por bloques : Lingua grega.

- 1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.
- 1.2. Do grego clásico ao grego moderno.

Criterios de avaliación : Lingua grega.

- 1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.
- 1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.
- 1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un: Lingua grega.

1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.

1.3.1. Coñece a pronunciada lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.

Competencias clave neste bloque de Lingua grega.

CCL CAA CD CCEC

Contidos por bloques : Morfoloxía

2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.

2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.

2.3. Análise morfolóxica.

Criterios de avaliación: Morfoloxía.

2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.

2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.

2.3. Coñecer as categorías gramaticais

2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.

2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un:
Morfoloxía.

2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.

2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.

2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.

2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.

2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.

Competencia clave neste bloque de Morfoloxía.

CCL

Contidos por bloques: Sintaxe

3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.

3.2. Usos modais.

3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.

3.4. Oración composta. Formas de subordinación.

3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.

Criterios de avaliación: Sintaxe.

- 3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal
- 3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.
- 3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.
- 3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.
- 3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas
- 3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.
- 3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un: Sintaxe.

- 3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.
- 3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.
- 3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.
- 3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas
- 3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.
- 3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
- 3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.
- 3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.

3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.

Competencia clave neste bloque de Sintaxe.

CCL

Contidos por bloque: Literatura

4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.

Criterios de avaliación: Literatura.

4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.

4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.

4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.

4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica ea posterior.

4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un:
Literatura.

4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.

4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obrase outros aspectos relacionados coa literatura grega.

4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.

4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.

4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.

4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Competencias clave neste bloque de Literatura.

CCL CCEC CMCCT CD

Contidos por bloque: Textos

5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.

5.2. Uso do dicionario.

5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.

5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

5.5. Identificación das características formais dos textos.

Criterios de avaliación: Textos.

5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.

5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.

5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.

5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos

5.5. Identificar as características formais dos textos.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un: Textos

5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.

5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.

5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.

5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas co coñecementos adquiridos previamente.

5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

Competencias clave neste bloque de Textos

CCL CD CCEC CSC

Contidos por bloque: Léxico.

6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.

6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.

6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.

Criterios de avaliación: Léxico

- 6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.
- 6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.
- 6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.
- 6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
- 6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.
- 6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.

Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un: Léxico

- 6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.
- 6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.
- 6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.
- 6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.
- 6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.
- 6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.
- 6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.

6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.

Competencia clave neste bloque de Léxico.

CCL

.- Contidos mínimos esixibles.

- 1.- Distinguir os elementos que forman unha palabra, a súa evolución fonética e semántica.
- 2.- Identificar a estrutura morfosintáctica do grego e establecer comparacións cos fenómenos que danse en castelán ou galego.
- 3.- Capacidade para comprender un texto grego e traducilo.
- 4.- Dominio dun vocabulario básico e manexo do dicionario.
- 5.- Capacidade para comentar textos, distinguir entre as ideas principais e secundarias e relacionar textos cos coñecementos teóricos adquiridos.
- 6.- Deducir significados polo contexto.
- 7.- Recompilar, planificar, sistematizar información.
- 8.- Breve coñecemento dos autores literarios e filosóficos gregos máis importantes da literatura grega ase coma de seus obras principais.

.- Metodoloxía didáctica.

- + O alumno traballará na clase de maneira individual ou por parellas sobre un texto sinxelo perante un tempo aproximado de quince minutos despois este texto será comentado e corrixido en clase facendo unha posta en común entre todos os alumnos ou entre os diversos grupos que traballaron sobre ese texto.
- + Técnicas de tradución.
- + Elementos esenciais do pensamento e da literatura gregos.
- + Estruturas máis frecuentes de prosa histórica, filosofía, mitos e fábulas.

- + Vocabulario básico do primeiro curso e ampliación do vocabulario.
- + Derivación e composición da lingua grega.
- + Conexións etimolóxicas co léxico actual.
- + Tradución e interpretación de textos de gradual complexidade e relativa extensión, correspondentes á prosa histórica, filosófica, fábulas e mitos.
- + Análise morfosintáctico de textos traducidos.
- + Identificación dos elementos que forma unha palabra.
- + Recoñecemento dos elementos das linguas castelán e galega que proceden do grego.

.- Procedementos de avaliación.

- 1.- Identificar prefixos e sufixos de orixe grego.
- 2.- Recoñecer as formas nominais e verbais que se aparten das formas vistas en 1º de bacharelato.
- 3.- Tradución de textos coa axuda do dicionario.
- 4.- Realizar fáciles investigacións sobre temas monográficos, manexando fontes de diversa índole: Inscricións, artigos, etc..
- 5.- Realizarase unha proba mensual de control de tradución con algunha pregunta teórica, textos fáciles ao principio que irán incrementando a súa dificultade ao longo do curso. A tradución valerá 7 puntos e a proba teórica 3.
- 6.- A proba do mes de setembro consistirá na tradución dun texto que valerá 7 puntos e preguntas teóricas sobre os autores máis representativos gregos e as súas obras, que valerán 3 puntos.

.- Materiais e recursos didácticos.

Os recursos dos que dispón o Departamento de Grego: Textos diversos de Xenofonte ou Platón, vídeos sobre a historia de Grecia, películas, mapas, dicionarios, obras literarias dos diversos autores gregos que se estudarán o longo do curso

.- Temas transversais.

Un repaso aos expostos para 1º bacharelato.

.- Medidas de atención á diversidade.

Neste curso vanse traducir textos esencialmente. Se hai que utilizar medidas de atención á diversidade propóñense as seguintes:

- + Comezar a traducir textos de menor dificultade, dando paso pouco a pouco a outros de mediana dificultade ata acabar, segundo o aproveitamento do alumno, con outros de maior dificultade.
- + Traballar os alumnos que así os necesiten en grupos para facer xuntos os diversos traballos, axudándose mutuamente.
- + Unha presentación progresiva a estes alumnos dos contidos gramaticais, comezando por repasar o máis fácil do curso pasado e acabando polo máis susceptible de confusión.

.- Acción de contribución ao plan lector.

O s alumnos deben ler unha serie de capítulos das obras máis importantes da literatura grega coma Iliada, Odisea, Anábese, Edipo, Medea, Diálogos,etc, para que teñan unha idea do autor e da súa obra, xa que a lectura das obras completas sería moi extensa para a curta duración do curso.

.- Actividades de recuperación para alumnos coa materia pendente.

Se houbera alumnos coa materia pendente, e sempre tendo en conta os contidos mínimos esixibles, faríase un exame eliminatorio no mes de xaneiro, en caso de non superalo faríase outro no mes de abril.

.- Procedementos para avaliar a propia programación.

Como neste segundo curso de bacharelato hai sobre todo práctica, verificarase mensualmente o grao de adecuación dos obxectivos e a metodoloxía empregada sobre todo a partires da primeira avaliación, desta maneira corrírase aqueles aspectos, caso de que os houbera, máis frouxos tendo en conta as probas ou exames feitos.